



XV TORNEO DEZ PORTAS CONCELLO DE LUGO TENIS DE MESA- II MEMORIAL BONI

Regulamento

Data e local de xogo:

O XV Torneo DEZ PORTAS Concello de Lugo – II Memorial Boni de Tenis de Mesa, terá lugar nas instalacións da “Pista de Tenis cuberta de Frigsa” que se encontra na Rúa Monte Faro, 57, 27297 Lugo, (ao carón do pavillón de Tenis de Mesa) o día 5 de setembro de 2026.

Probas a disputar e horarios:

O torneo comezará ás 09:30 de mañá e rematará cando se acaben todas as probas.

Sábado 5 de setembro - categorías:

Proba Infantil Mixta– Nados a partir o ano 2011 incluído.

Proba Absoluta – Todas as idades

En ámbalas dúas probas, despois da fase de grupos, dividiránse os clasificados en Open A e Open B.

O Torneo disputarase en “sistema mixto”, (1ª Fase por grupos e a Segunda por eliminatorias)



Inscricións:

A inscrición é de balde para a proba Infantil, debendo formalizarse antes do día 28 de agosto ás 14:00 h.

Na proba Absoluta, a inscrición ten un custo de 10€ por xogador/a, debendo formalizarse antes do día 28 de agosto ás 14:00 h.

A inscrición dos xogadores farase por correo electrónico á dirección dezportas@hotmail.com, facilitando: Nome e apelidos, data de nacemento, número de licenza, Club ó que pertencen e categoría na que se inscriben.

Non se permitirá a inscrición en máis dunha categoría.

TODOS OS XOGADORES INSCRITOS, DEBERÁN ESTAR EN POSESIÓN DA CORRESPONDENTE LICENZA FEDERATIVA.

O abono dos 10€ da proba absoluta, farase efectivo no momento da inscrición, no numero de conta do clube - ES15 3070 0029 3560 9106 0829 - , enviando a conta de correo o comprobante de ter feito dito pago ou por bizum ao número de teléfono 626343360.

Arbitraxes:

Os partidos da 1ª Fase serán arbitrados polos propios xogadores/as.

Na 2ª fase arbitrarán xogadores que foron quedando eliminados en quendas anteriores.

Na proba absoluta Open A, o partido polo 3º e 4º posto e a final, serán arbitrados por árbitros titulados do clube organizador.

Trofeos:

Entregaranse trofeos os catro primeiros clasificados de cada proba, no Open A e no Open B.

Na proba Absoluta Open A, ademais, entregaranse os seguintes premios:

Campión – 200€

Subcampión – 100€

3º clasificado - 50€